**ACTA XUNTA DE GOBERNO**

**SESIÓN ORDINARIA DE DOCE DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO**

**(ACTA NÚMERO 01)**

**Presidente:**
D. José Tomé Roca

**Sres/as. Deputados/as:**
D. Efrén Castro Caloto
Dª. Mª del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D. Miguel Fernández Méndez
D. Xosé María Arias Fernández
D. Iván Castro Díaz
D. Daniel García Fernández

**Secretario:**
D. José Antonio Mourelle Cillero

**Interventora:**
Dª. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas e dez minutos do día **doce de xaneiro de dous mil vinte e catro**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o titular da Corporación don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora dona Rosa Abelleira Fernández.



| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 1/66 |

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E NOVE DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E TRES.**

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de decembro de dous mil vinte e tres que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

**2.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DO MANTEMENTO DO ROBOT DE MUXIDO E O SEUS EQUIPOS ACCESORIOS DA GRANXA EXPERIMENTAL, GRANXA GAYOSO CASTRO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 28 de decembro de 2023, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

"*Antecedentes*:

1.- Memoria xustificativa e providencia de inicio de expediente de contratación. CSV IV7P2SLNJIM5VOZICZ7V44HPAQICT[1].
2.- Prego de prescricións técnicas CSV IV7P2SKS3IWDJNEY2UVFMNLHEI.
3.- Informe de Intervención de consignación orzamentaria, con CSV IV7PY6ZKNXR7VVBZ24GDAP7AKI.
4.- Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV IV7P2SP3FNPTT6Z7CIFGJYZF7Y.
5.- Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7P2SP63YMIJS5PSJ5H4FHTEA.
6.- Informe de fiscalización/ intervención previa limitada del expediente, con CSV: IV7P2SXSIBFPL74CZR6RMUHOK4.
7.- Proposta de Presidencia, con CSV IV7P2UC22EEK5D4SAZQQB4XWCY.
8.- Acordo da Xunta de Goberno de data 13 de outubro do 2023, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións

[1] Os códigos seguros de validación resultan accesibles na sede electrónica na dirección web: https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 2/66 |

técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7P2DDSJTRMZXEJ2RXRMFBPK4.
9.- Acta da Mesa de Contratación do día 3 de novembro de 2023, con CSV IV7PGSHJPUX67SG2CNYSOJQU6U.

10.- Acta da Mesa de Contratación do día 14 de novembro de 2023, con CSV IV7PHXJ53QF5JLOSXRGMF7XTCE que acordou o seguinte:

(…) "Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

1º.- Outorga ao licitador admitido a seguinte puntuación e clasificalo atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

| LICITADORES | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|---|
| MANTENIMIENTOS TÉCNICOS LUCENSES S.L. | Fase I Oferta presentada: 0% : 0 puntos<br>Fase II.: 30 puntos<br>TOTAL= Fase I +Fase II : 0 puntos+ 30 puntos = 30 puntos |

2º.- Requirir a Mantenimientos Técnicos Lucenses S.L., para que dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas - sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva polo importe que se relaciona acto seguido, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

| LICITADOR | IMPORTE GARANTÍA |
|---|---|
| MANTENIMIENTOS TÉCNICOS LUCENSES S.L. | 1.686,80 € |

10.- Resolución de Presidencia de 17 de novembro de 2023 de clasificación e requirimento de documentación con CSV IV7WU2QDBF5D4WUMTUXFIQIVJY.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 3/66 |

11.- Requirimento de documentación, cursado a través da plataforma de contratación do sector público o día 23 de novembro de 2023 con CSV IV7WUOXY3JJOLDW3ST6AIPQT6Y.
12.- Documentación presentada pola empresa Iván Expósito González través da plataforma de contratación do sector público o día 5 de decembro de 2023.

13.- Acta da Mesa de Contratación do día 15 de decembro de 2023, con CSV IV7WQK7D2DVY7JEOUXWNG43OCI que acordou o seguinte:

(...)"A licitadora presentou, a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación se ben se atopa incompleta ou errada tal e como se describe a continuación:

1. Respecto da acreditación da solvencia económica presenta de xeito erróneo as contas depositadas no Rexistro Mercantil, posto que as aportadas corresponden ao ano 2016.
2. Respecto da acreditación da solvencia técnica non aporta certificado/s de boa execución que avalen a relación dos principais servizos executados nos últimos 3 anos presentada.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou por unanimidade dos seus integrantes:

Requirir a Mantenimientos Técnicos Lucenses S.L. para que, no prazo de tres días hábiles presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a seguinte documentación:

Contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil dalgún dos 3 últimos anos, de conformidade co establecido na cláusula 17.4 do Prego de condicións administrativas particulares (PCAP).

Certificado/s de boa execución expedido/s por algún ou algúns dos clientes da entidade que constan na relación presentada, polo importe de 23.615,21 €, de conformidade co establecido na cláusula 17.4 do Prego de condicións administrativas particulares (PCAP).

Significándolle que, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 4/66 |

o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade."

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 28 de decembro de 2023, aos efectos de examinar a subsanación da documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a licitadora presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente. Incorpórase ao expediente certificado de alta en IAE, certificado da Recadación Provincial, certificados de estar ao corrente coa facenda pública (AEAT) e a seguridade social e carta de pago da garantía depositada.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar a Mantenimientos Técnicos Lucenses, S.L. a contratación do mantemento do robot de muxido e o seus equipos accesorios da granxa experimental, Granxa Gayoso Castro, 2023/CON_02/000059, polo importe máximo de 33.736,02 € ao que se aplicará un IVE do 21%, 7.084,56 €, o que fai un total de 40.820,58 € comprometéndose a unha formación anual sen custo para a Administración dirixida o persoal usuario do robot que consistirá nun curso de formación anual para oito persoas, de oito horas de duración distribuídas en dúas xornadas de catro horas onde formadores oficiais acreditados por DeLaval explicarán o manexo do robot de muxido e o seu programa informático (*software*) de xestión DeLaval DelPro instalado na Granxa Experimental e as súas actualizacións periódicas.

2º.- Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos."

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Adxudicar á empresa Mantenimientos Técnicos Lucenses, S.L. a contratación mantemento do robot de muxido e o seus equipos accesorios da granxa experimental,




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 5/66 |

Granxa Gayoso Castro. 2023/CON_02/000059, por un importe máximo de 33.736,02 €, aos que haberá que engadir 7.084,56 € euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 40.820,58 €, comprometéndose a unha formación anual sen custo para a Administración dirixida o persoal usuario do robot que consistirá nun curso de formación anual para oito persoas, de oito horas de duración distribuídas en dúas xornadas de catro horas onde formadores oficiais acreditados por DeLaval explicarán o manexo do robot de muxido e o seu programa informático (*software*) de xestión DeLaval DelPro instalado na Granxa Experimental e as súas actualizacións periódicas, financiándose de acordo as seguintes anualidades:

| ANUALIDADE 2024 | | | ANUALIDADE 2025 | | |
|---|---|---|---|---|---|
| IMPORTE NETO | IVE | TOTAL | IMPORTE NETO | IVE | TOTAL |
| 29.520,00 € | 6.199,20 € | 35.719,20 € | 4.216,02€ | 885,36€ | 5.101,38 € |

O gasto financiarase con cargo as anualidades 2024 e 2025. A Deputación debe adquirir o compromiso, supeditado a dispoñibilidade oramentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financieira, de incluir no orzamento 2025 a cantidade indicada na aplicación correspondente.

**2º.-**Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (http://www.deputacionlugo.org/ ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

**3º.-** Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo."

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPOS E MATERIAL DE OFICINA ERGONÓMICOS DESTINADOS AO PERSOAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:




| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 6/66 |

"Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 19 de decembro de 2023, con CSV: IV7WSXS23RRMVW5MCEUEMEIECI, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

"*Antecedentes*:

1. Orden de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7O5UPZP5X6XPPYUTUHKL3PI4[2].
2. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7O5UPOFH7NL66263XAJ4HEEA.
3. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7O5WINNLU77REL27QHGUPVKI.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7O6SDY3D43XGOZ2UQGAXQALY.
5. Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7O6SD6ZF5MTGJDAYNNGNJWKA.
6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7O6SB43NGOLWV77XUXN7Z76U.
7. Acordo de Xunta de Goberno do día 26 de maio de 2023, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7O67LNFJ5OVPJP4RVSINTGKU.
8. Anuncio de licitación e pregos, publicados na Plataforma de Contratación do Sector Público o día 07 de xuño de 2023.
9. Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.

10. Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con 23 de xuño de 2023, con CSV: IV7O2GSPPBVJ7WVT4MXAEAS6OE, na que se recolle o seguinte:

"En primeiro lugar dáse conta aos asistentes de que debido a problemas técnicos non resulta posible efectuar a apertura das proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente 2023/CON_02/000049, polo que se acorda- sendo as 10:56 horas, pospoñer a mesa de contratación para as 14:00 horas, dando conta en acto público de dita decisión.

[2]Accesible no seguinte enlace https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm





| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 7/66 |

Sendo as 14:00 horas do día de referencia reanúdase a mesa de contratación, resultando que non foi posible solucionar os problemas técnicos, a mesa de contratación acorda adiar a apertura das propostas, dando conta en acto público de dita decisión."

11. Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público o día 20 de xullo de 2023, con CSV: IV7OHWQKNRWC6X5LWM7NKL27A4,na que se recolle o seguinte:

"Pola Presidencia dáse conta que á vista dos problemas técnicos detectados na mesa de contratación do día 23 de xuño de 2023, o Servizo de Contratación procedeu a remitir un correo electrónico ao soporte técnico da plataforma de contratación do sector público.

O servizo técnico da plataforma de contratación do sector público require ao Órgano de Contratación da Deputación Provincial de Lugo para que solicite ao licitador Solucións Globais S.L., a carpeta denominada "1037548825", ubicada no equipo do licitador, na ruta "C:/Usuarios/su_usuario/.elic".

O día 28 de xuño o Servizo de Contratación e Fomento solicita ao licitador a referida carpeta. Resultando que o licitador atende ao requirimento – remitindo a mencionada carpeta- o día 29 de xuño de 2023, o Servizo de Contratación e Fomento procede a reenviala á plataforma de contratación do sector público o mesmo día.A plataforma de contratación do sector público o día 12 de xullo de 2023, remite correo electrónico ao Servizo de Contratación no que se insta a intentar de novo a apertura.

Á vista do exposto a mesa de contratación acorda proceder á apertura dos sobres A dos licitadores concorrentes a esta licitación, que segundo os datos obrantes na plataforma de contratación do sector público son os seguintes:

| LICITADORES | Lotes aos que se presenta |
|---|---|
| ADRADA ASL | 1,2,3 e 4 |
| BULL FORCE S.L | 1,2,3 e 4 |
| GALICIA SOLUCIÓNS GLOBAIS S.L. | 1,2,3 e 4 |
| GLOBAL PCH LUGO | 1,2,3 e 4 |
| MEIGO INNOVACION S.L. | 1,2,3 e 4 |
| OFIPAPEL CENTER S.L. | 1,2,3 e 4 |
| SCALENE GLOBAL S.L. | 1,2,3 e 4 |




| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 8/66 |

Dada conta ao órgano de asistencia, a través da súa presidencia, de que todas as empresas concorrentes presentaron dentro do prazo concedido a tales efectos as súas propostas, a mesa de contratación procede acto seguido á apertura e á calificación dos sobres que conteñen a declaración responsable, cos seguintes resultados:

O Anexo I presentado pola empresa Galicia Solucións Globais S.L., figura asinado por un representante da empresa Global PCH Lugo. A mesa de contratación califica o defecto detectado como subsanable, acordando por unanimidade, requirir á empresa Galicia Solucións Globais S.L., para que – de conformidade co establecido no artigo 141 da LCSP- presente no prazo de tres días hábiles o Anexo I debidamente cumprimentado e asinado. Todo esto sen perxuízo do prescrito no artigo 139.3 da LCSP e os seus efectos para o caso de verificarse dita circunstancia.

A mesa de contratación acorda non abrir as ofertas económicas ata que se leve a cabo o trámite de subsanación."

12. Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público o día 28 de xullo de 2023, con CSV: IV7PVSHJGHZMIXVIWD4WKM37OQ, na que se recolle o seguinte:

"Pola Presidencia dáse conta de que a empresa Galicia Solucións Globais S.L presentou correctamente o Anexo I no prazo de subsanación concedido ao efecto.
A mesa de contratación acorda abrir as ofertas que conteñen os criterios avaliables automaticamente.
Adrada ASL
Presenta un Anexo II marcando que se presenta a todos os lotes (lote 1, lote 2, lote 3 e lote 4).
No apartado 4 (prazo de entrega) oferta, para todos os lotes, cinco días naturais.
No apartado 5 (prazo de garantía) oferta, para todos os lotes, dous anos de prazo de garantía.
No apartado 3 presenta o seguinte:
3. Comprométese a executar o contrato polo importe máximo de licitación.
Oferta, para o lote, unha porcentaxe de baixada sobre os prezos unitarios recollidos no prego de prescricións técnicas de: ………… % (indicar porcentaxe de baixa).
O anexo cumprimentado correctamente pero sen expresión de cantidade concreta, de acordo coas regras de determinación do prezo, entenderase que oferta ao tipo de licitación.
Adjuntamos anexo precios netos para los 4 lotes.



| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 9/66 |

A empresa non oferta para cada lote unha porcentaxe de baixa sobre os prezos unitarios recollidos no prego de prescricións técnicas, senón que presenta un anexo, que non se solicitaba no PCAP, con prezos netos para os catro lotes.
Polo tanto, a empresa non se axusta ao modelo Anexo II establecido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
No caso do lote 2 e lote 4, ao conter un único produto cada un dos lotes, a Mesa de contratación está en condicións de deducir que a porcentaxe de baixa ofertada é a seguinte:

| LOTE | CÓDIGO PRODUTO | PREZO INICIAL SEN IVE | PREZO OFERTADO SEN IVE | PORCENTAXE DE BAIXA |
|---|---|---|---|---|
| 2 | 003 | 33,47 € | 26,56 € | 20,65% |
| 4 | 009 | 19,95 € | 9,99 € | 49,92% |

No lote 1, que contén dous produtos, a Mesa de contratación está en condicións de deducir que a porcentaxe de baixa que oferta para cada un deles é a mesma:

| LOTE | CÓDIGO PRODUTO | PREZO INICIAL SEN IVE | PREZO OFERTADO SEN IVE | PORCENTAXE DE BAIXA |
|---|---|---|---|---|
| 1 | 001 | 40,85 € | 38,80 € | 5,01% |
| 1 | 002 | 86,88 € | 82,53 € | 5,01% |

Sen embargo, no lote 3, que contén catro produtos, a empresa ofertaría distintas porcentaxes para cada produto, non ofertando unha única porcentaxe, como esixía o modelo Anexo II do PCAP:

| LOTE | CÓDIGO PRODUTO | PREZO INICIAL SEN IVE | PREZO OFERTADO SEN IVE | PORCENTAXE DE BAIXA |
|---|---|---|---|---|
| 3 | 005 | 32,15 € | 11,25 € | 65,00% |
| 3 | 006 | 16,50 € | 9,00 € | 45,45% |
| 3 | 007 | 60,16 € | 53,20 € | 11,57% |
| 3 | 008 | 49,19 € | 25,33 € | 48,54% |

En consecuencia, no lote 3 o licitador non ofertou a mesma porcentaxe de baixa para todos os produtos do lote, apartándose do modelo Anexo II e do esixido no criterio de adxudicación recollido na letra Q do cadro resumo do PCAP, impedindo a posibilidade de comparación coas ofertas presentadas polo resto de licitadores.

Polo exposto, a Mesa de contratación propón a exclusión da licitación do lote 3.- partes, accesorios e subministros para ordenador da empresa Adrada ASL.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 10/66 |

Bull Force S.L.
Presenta un Anexo II marcando que se presenta a todos os lotes (lote 1, lote 2, lote 3 e lote 4).
No apartado 4 (prazo de entrega) oferta, para todos os lotes, sete días naturais.
No apartado 5 (prazo de garantía) oferta, para todos os lotes, dous anos de prazo de garantía.
No apartado 3 (porcentaxe de baixa) oferta, para todos os lotes, 10,5%.

Galicia Solucións Globais S.L.
Aberto o Anexo II, aparece a presentación a nome doutra empresa. Vistos os termos da subsanación do Anexo I, a Mesa acorda que, polo Servizo de Contratación, se realicen as comprobacións oportunas.

Global PCH Lugo.
Presenta un Anexo II para cada un dos lotes (lote 1, lote 2, lote 3 e lote 4).
No apartado 4 (prazo de entrega) oferta, para todos os lotes, dez días naturais.
No apartado 5 (prazo de garantía) oferta, para todos os lotes, tres anos de prazo de garantía.
No apartado 3 (porcentaxe de baixa) oferta, para todos os lotes, 20 %.

Meigo Innovación S.L.
Presenta oferta para os catro lotes (lote 1, lote 2, lote 3 e lote 4) co mesmo Anexo II, no que marca unicamente o lote 3 e oferta:
No apartado 4 (prazo de entrega) oferta, para todos os lotes, quince días naturais.
No apartado 5 (prazo de garantía) oferta, para todos os lotes, tres anos de prazo de garantía.
No apartado 3 (porcentaxe de baixa) oferta, para todos os lotes, 37 %.
A Mesa de contratación acorda solicitar á empresa Meigo Innovación S.L. que confirme que presenta para todos os lotes esa mesma oferta.

Ofipapel Center S.L.
Presenta un Anexo II para cada un dos lotes (lote 1, lote 2, lote 3 e lote 4).
Lote 1:
No apartado 4 (prazo de entrega) oferta sete días naturais.
No apartado 5 (prazo de garantía) oferta tres anos de prazo de garantía.
No apartado 3 (porcentaxe de baixa) oferta 5,55 %.
Lote 2:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 11/66 |

No apartado 4 (prazo de entrega) oferta un día natural.
No apartado 5 (prazo de garantía) oferta tres anos de prazo de garantía.
No apartado 3 (porcentaxe de baixa) oferta 52,54 %.
Lote 3:
No apartado 4 (prazo de entrega) oferta un día natural.
No apartado 5 (prazo de garantía) oferta tres anos de prazo de garantía.
No apartado 3 (porcentaxe de baixa) oferta 20,88 %.
Lote 4:
No apartado 4 (prazo de entrega) oferta un día natural.
No apartado 5 (prazo de garantía) oferta tres anos de prazo de garantía.
No apartado 3 (porcentaxe de baixa) oferta 56,65 %.

Scalene Global S.L.
Presenta un Anexo II marcando que se presenta a todos os lotes (lote 1, lote 2, lote 3 e lote 4).
No apartado 4 (prazo de entrega) oferta, para todos os lotes, dous días naturais.
No apartado 5 (prazo de garantía) oferta, para todos os lotes, dous anos de prazo de garantía.
No apartado 3 (porcentaxe de baixa) oferta, para todos os lotes, 50,11%.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade:

1º.- Elevar ao órgano de contratación o seguinte acordo:
Excluír a proposta presentada pola empresa Adrada ASL. para o lote 3.- partes, accesorios e subministros para ordenador por apartarse do modelo Anexo II e do esixido no criterio de adxudicación recollido na letra Q do cadro resumo do PCAP, impedindo a posibilidade de comparación coas ofertas presentadas polo resto de licitadores.
Contra o presente acto, por tratarse dun acto de trámite contemplado no artigo 44.2 da LCSP, procede interpoñer – con carácter potestativo- recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, con enderezo en https://tacgal.xunta.gal/. A iniciación do procedemento para a interposición do recurso especial en materia de contratación está prevista no artigo 50 da LCSP, sendo o prazo de interposición de 15 días hábiles, contados dende o día seguinte a aquel en que se teña coñecemento do acto, de conformidade coa D.A.15º da LCSP.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 12/66 |

2º.- Realizar as comprobacións oportunas da oferta presentada por Galicia Solucións Globais S.L.
Contra o presente acto, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.

3º.- Solicitar á empresa Meigo Innovación S.L. para que, no prazo de tres días hábiles, confirme que presenta para todos os lotes a mesma oferta.
Contra o presente acto, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento."

13. Resolución da Presidencia do 09 de agosto, con CSV: IV7PWH23ABUJ73B4ARABOE7BKE, pola que se acepta a proposta da mesa de contratación.

14. Acta da Mesa de Contratación do día 07 de setembro de 2023, con CSV: IV7P4C3KYD6C7HNI6I65IJ7XME, na que se recolle o seguinte:

"Con data 23 de xuño de 2023 a mesa e contratación procedeu a apertura das proposicións presentadas , detectando que non resultaba posible a apertura da oferta de Galicia Solucións Globais S.L, comunicada dita incidencia a plataforma de contratación e seguindo as súas instrucións requiriuse a dito licitador o arquivo de trazas da carpeta denominada _"1037548825",que se atopa na seguinte ruta do equipo do licitador: "C:/Usuarios/su_usuario/.elic".

Recibido dito arquivo, a plataforma comunica a esta administración que se pode proceder a apertura da proposición de Galicia Solucións Globais S.L, con data 20 de xullo, procedeuse a apertura das ofertas detectando que a proposta de Galicia Solucións Globais S.L, conten a oferta de Global PCH Lugo, polo que novamente dende o servizo de contratación se contacta coa plataforma a fin de coñecer os motivos de dita incidencia e poder distinguir se se trata dunha conduta imputable ó licitador ou a plataforma de contratos.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 13/66 |

Intercambiada información e tras diversas xestións, con data de 16 de agosto recibiuse a seguinte comunicación da Secretaría de la Subdirección General de Coordinación de la Contratación Electrónica da Dir. Gral. del Patrimonio del Estado:

“En relación con el expediente 2023/CON_02/00049 de la Junta de Gobierno de la Diputación Provincial de Lugo, informamos lo siguiente:

Que La Plataforma de Contratación del Sector Público (PLACSP) facilitó a la empresa Galicia Solucións Globais Sl, el justificante de oferta competa, cuando lo que había presentado era la huella electrónica, debiéndose completar en estos casos la oferta en el plazo de 24 horas, según establece la DA16 letra h de la LCSP.
Que si bien se trata de un error técnico, estos, aunque poco probables, no son imposibles. Por tal razón, la PLACSP dispone de la funcionalidad de copia electrónica, que consiste en que, la preparación de la oferta mediante la Herramienta de la PLACSP crea y actualiza un fichero xml en el equipo local del licitador, que resulta ser un espejo de lo que este haya cumplimentado hasta la fecha en relación con su oferta. Cuando la empresa finaliza la preparación de la misma, dispone en su equipo local de un fichero que es idéntico al que se envía telemáticamente a los servidores de la PLACSP cuando se invoca la acción de Presentar. Esto le permite mantener intacta una copia de su oferta en el caso en que se produzca un problema de indisponibilidad o de otra naturaleza en la PLACSP.
Que si bien la PLACSP tiene el deber de custodiar en sus servidores la oferta presentada, la empresa debe hacer lo propio con la copia idéntica que reside en su equipo.
Que en el caso que nos ocupa, la empresa Galicia Solucións Globais sl no custodió el fichero de su oferta, dado que al requerir el equipo técnico de la PLACSP la copia electrónica, se envió el fichero xml correspondiente a la oferta de otra empresa (Global PCH Lugo).
Que los registros de auditoria de la PLACSP confirman que desde la misma máquina se presentaron las ofertas correspondientes a dos empresas (Galicia Solucións Globais sl y Global PCH Lugo), por lo que la cumplimentación de la segunda oferta sobrescribió la copia electrónica de la primera.
Que esta situación se hubiera evitado sin la empresa hubiera custodiado diligentemente la primera oferta, realizando una copia de seguridad antes de iniciar la preparación, o no hubiera empleado la misma máquina para ambas presentaciones.”




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 14/66 |

Visto o anterior parece desprenderse que se trata de un erro que en esencia non resulta atribuíble nin a plataforma, nin ó órgano de contratación, senón a que "la empresa Galicia Solucións Globais S.L. no custodió el fichero de su oferta" ........ de forma que .......“la cumplimentación de la segunda oferta sobrescribió la copia electrónica de la primera”.

A mesa de contratación entende por tanto que a proposición de Galicia Solucións Globais S.L debe resultar exluída da licitación ó resultar inaccesible, non resultando posible a súa recuperación mediante o arquivo de trazas nin a pegada dixital.

Acto seguido pola Presidencia dáse conta de que o Servizo de Contratación e Fomento, requiriu aclaracións sobre a proposta presentada á empresa Meigo Innovación S.L., requirimento que se cursou a través da plataforma de contratación do sector público o día 03/08/2023. A empresa Meigo Innovación S.L., presentou o día 08/08/2023 (dentro do prazo concedido a tales efectos), a través da plataforma de contratación do sector público, aclaración na que se recolle que a oferta presentada unicamente se refire ao lote 3.

A continuación procédese á avaliación do sobre relativo aos criterios de adxudicación avaliables automaticamente mediante fórmulas matemáticas, cos resultados e puntuacións que se transcriben a continuación.

| 2023/CON_02/000049 Lote 1. | LÁMPARAS DE ESCRITORIO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| LICITADORES | PREZO OFERTADO | NOTA PREZO | PRAZO ENTREGA OFERTADO | NOTA PRAZO | GARANTÍA OFERTADA | NOTA GARANTÍA | NOTA TOTAL |
| ADRADA ASL | 5,01 | 8 | 5 | 4 | 2 | 5 | 17,00 |
| BULL FORCE S.L | 10,50 | 16,76 | 7 | 2,86 | 2 | 5 | 24,62 |
| GLOBAL PCH LUGO | 20,00 | 31,93 | 10 | 2 | 3 | 10 | 43,93 |
| OFIPAPEL CENTER S.L. | 5,55 | 8,86 | 7 | 2,86 | 3 | 10 | 21,72 |
| SCALENE GLOBAL S.L. | 50,11 | 80 | 2 | 10 | 2 | 5 | 95,00 |

Procédese á comprobación de se algunha das propostas está incursa en valores anormais ou desproporcionados, en aplicación do establecido no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP, cos seguintes resultados:

Prezo base de licitación Lote 1: 4.016,96 €.



| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 15/66 |

| OFERTAS PRESENTADAS | Importe Oferta | Importe de la Baja | Porcentaje de Baja sobre precio base licitación | Primer Filtro | ¿Baja Temeraria? |
|---|---|---|---|---|---|
| ADRADA ASL | 3.815,71 | 201,25 | 5,0100% | No se incluye | No es Baja Temeraria |
| BULL FORCE S.L | 3.595,18 | 421,78 | 10,5000% | Se incluye | No es Baja Temeraria |
| GLOBAL PCH LUGO | 3.213,57 | 803,39 | 20,0000% | Se incluye | No es Baja Temeraria |
| OFIPAPEL CENTER S.L. | 3.794,02 | 222,94 | 5,5500% | No se incluye | No es Baja Temeraria |
| SCALENE GLOBAL S.L. | 2.004,06 | 2.012,90 | 50,1100% | Se incluye | Es Baja Temeraria |
| Medias calculadas | 3.284,51 | 732,45 | 26,87 % | 2.937,60 | Media Ofertas incluidas |
| Porcentaje de Baja a partir del cual se considera baja temeraria e importe de la oferta, en valores absolutos, a partir del cual tiene esa consIderación (Media Aritmética Ofertas incluídas menos 10 unidades porcentuales) | | | 34,18 % | 2.643,84 | |

Á vista dos resultados, a Mesa de Contratación acorda, de conformidade co establecido no artigo 149 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP) e cláusula 13 do PCAP, conceder o trámite de audiencia á empresa Scalene Global S.L., para que no prazo de 5 días hábiles, xustifique e desglose razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos, custes ou calquera outro, para valoración da súa oferta, e precise as súas condicións, nos aspectos particularmente sinalados no apartado 4 do artigo 149 da LCSP, que ao respecto sinala: "... en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados ou o método de construción; as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras; a innovación e orixinalidade das solucións propostas para subministrar os produtos, prestar os servizos ou executar as obras; o respecto de obrigas que resulten aplicables, en materia medioambiental, social ou laboral e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por debaixo do mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201 LCSP; ou a posible obtención dunha axuda do Estado", ademais do establecido na cláusula decimo terceira do PCAP que rexe a contratación deste servizo.

Acórdase que polo Servizo de Contratación se efectúen os trámites de xustificación de oferta desproporcionada existente e se convoque novamente á Mesa para exame do preceptivo informe técnico.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 16/66 |

| 2023/CON_02/000049 Lote 2. | REPOUSAPÉS | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| LICITADORES | PREZO OFERTADO | NOTA PREZO | PRAZO ENTREGA | NOTA PRAZO | GARANTÍA | NOTA GARANTÍA | NOTA TOTAL |
| ADRADA ASL | 20,65 | 31,44 | 5 | 2 | 2 | 5 | 38,44 |
| BULL FORCE S.L | 10,50 | 15,99 | 7 | 1,43 | 2 | 5 | 22,42 |
| GLOBAL PCH LUGO | 20,00 | 30,45 | 10 | 1 | 3 | 10 | 41,45 |
| OFIPAPEL CENTER S.L. | 52,54 | 80 | 1 | 10 | 3 | 10 | 100,00 |
| SCALENE GLOBAL S.L. | 50,11 | 76,3 | 2 | 5 | 2 | 5 | 86,30 |

Realízase a comprobación de que ningunha das propostas está incursa en valores anormais ou desproporcionados en aplicación do establecido no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP.

| 2023/CON_02/000049 Lote 3. | PARTES, ACCESORIOS E SUBMINISTROS PARA ORDENADOR | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| LICITADORES | PREZO OFERTADO | NOTA PREZO | PRAZO ENTREGA | NOTA PRAZO | GARANTÍA | NOTA GARANTÍA | NOTA TOTAL |
| BULL FORCE S.L | 10,50 | 16,76 | 7 | 1,43 | 2 | 5 | 23,19 € |
| GLOBAL PCH LUGO | 20,00 | 31,93 | 10 | 1 | 3 | 10 | 42,93 € |
| MEIGO INNOVACION S.L. | 37,00 | 59,07 | 15 | 0,67 | 3 | 10 | 69,74 € |
| OFIPAPEL CENTER S.L. | 20,88 | 33,33 | 1 | 10 | 3 | 10 | 53,33 € |
| SCALENE GLOBAL S.L. | 50,11 | 80 | 2 | 5 | 2 | 5 | 90,00 € |

Acto seguido procédese á comprobación de se algunha das propostas está incursa en valores anormais ou desproporcionados, en aplicación do establecido no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP, cos seguintes resultados:

Prezo base de licitación Lote 3: 40.859,40 €.

| OFERTAS PRESENTADAS | Importe Oferta | Importe de la Baja | Porcentaje de Baja sobre precio base licitación | Primer Filtro | ¿Baja Temeraria? |
|---|---|---|---|---|---|
| BULL FORCE S.L | 36.569,16 | 4.290,24 | 10,5000% | No se incluye | No es Baja Temeraria |
| GLOBAL PCH LUGO | 32.687,52 | 8.171,88 | 20,0000% | No se incluye | No es Baja Temeraria |
| MEIGO INNOVACION S.L. | 25.741,42 | 15.117,98 | 37,0000% | Se incluye | No es Baja Temeraria |
| OFIPAPEL CENTER S.L. | 32.327,96 | 8.531,44 | 20,8800% | Se incluye | No es Baja Temeraria |
| SCALENE GLOBAL S.L. | 20.384,75 | 20.474,65 | 50,1100% | Se incluye | Es Baja Temeraria |
| Medias calculadas | 29.542,16 | 11.317,24 | 36,00 % | 26.151,38 | Media Ofertas incluidas |
| Porcentaje de Baja a partir del cual se considera baja temeraria e importe de la oferta, en valores absolutos, a partir del cual tiene esa consIderación (Media Aritmética Ofertas incluídas menos 10 unidades porcentuales) | | | 42,40 % | 23.536,24 | |



| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 17/66 |

Á vista dos resultados, a Mesa de Contratación acorda, de conformidade co establecido no artigo 149 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP) e cláusula 13 do PCAP, conceder o trámite de audiencia á empresa Scalene Global S.L., para que no prazo de 5 días hábiles, xustifique e desglose razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos, custes ou calquera outro, para valoración da súa oferta, e precise as súas condicións, nos aspectos particularmente sinalados no apartado 4 do artigo 149 da LCSP, que ao respecto sinala: "... en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados ou o método de construción; as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras; a innovación e orixinalidade das solucións propostas para subministrar os produtos, prestar os servizos ou executar as obras; o respecto de obrigas que resulten aplicables, en materia medioambiental, social ou laboral e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por debaixo do mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201 LCSP; ou a posible obtención dunha axuda do Estado", ademais do establecido na cláusula decimo terceira do PCAP que rexe a contratación deste servizo.

Acórdase tamén que polo Servizo de Contratación se efectúen os trámites de xustificación de oferta desproporcionada existente e se convoque novamente á Mesa para exame do preceptivo informe técnico.

| 2023/CON_02/000049 Lote 4. | ARQUIVADORES, BANDEXAS E OUTROS SOPORTES | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| LICITADORES | PREZO OFERTADO | NOTA PREZO | PRAZO ENTREGA | NOTA PRAZO | GARANTÍA | NOTA GARANTÍA | NOTA TOTAL |
| ADRADA ASL | 49,92 | 70,5 | 5 | 2 | 2 | 5 | 77,50 € |
| BULL FORCE S.L | 10,50 | 14,83 | 7 | 1,43 | 2 | 5 | 21,26 € |
| GLOBAL PCH LUGO | 20,00 | 28,24 | 10 | 1 | 3 | 10 | 39,24 € |
| OFIPAPEL CENTER S.L. | 56,65 | 80 | 1 | 10 | 3 | 10 | 100,00 € |
| SCALENE GLOBAL S.L. | 50,11 | 70,76 | 2 | 5 | 2 | 5 | 80,76 € |

Realízase a comprobación de que ningunha das propostas está incursa en valores anormais ou desproporcionados en aplicación do establecido no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade:




| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 18/66 |

1º.- Requirir á empresa Scalene Global S.L. para que no prazo de 5 días hábiles, xustifique e desglose razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos ofertados para os lotes 1 e 3.

2º.- Elevar ao órgano de contratación o seguinte acordo:

Excluír a proposta presentada pola empresa Galicia Solucións Globais SL por resultar inaccesible, non resultando posible a súa recuperación mediante o arquivo de trazas nin a pegada dixital"

15. Informe do Servizo de Prevención de Riscos Laborais, con CSV: IV7P7WBJLVUC73MTWBNVAX3WOI, relativo á xustificación da oferta anormalmente baixa.

16. Acta da mesa de contratación do día 09 de outubro de 2023, con CSV: IV7P2GRMHVB7ZNJOSI745YSTEE, na que se recolle o seguinte:

"Dáse conta aos membros da mesa de contratación de que en cumprimento do acordo da mesa de contratación do día 28 de xullo de 2023, se concedeu trámite de audiencia á empresa Scalene Global S.L. para que xustifique e desglose razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos ofertados para os lotes 1 e 2, resultando que a referida empresa presentou en prazo as respectivas xustificacións.
Por parte do Servizo de Contratación deuse traslado ao Servizo de Prevención da xustificación presentada, emitindo este servizo informe con CSV: IV7P7WBJLVUC73MTWBNVAX3WOI, que recolle o seguinte: "A licitadora achega unha xustificación da valoración da oferta para o lote 1, indicando que o provedor de Scalene para dito material é Electro AV, comercializador de material eléctrico e iluminación e co prezo exclusivo e especial para a oferta é da 19€ + IVA, achegando o presuposto do provedor que avala o prezo. Establecen ca marxe de venta que aplican sobre o prezo de coste é dun 19,70%, e cas condicións económicas da súa empresa son favorable e por iso o abaratamento dos prezos reflectidos na oferta, considerándose que isto non debe ser considerado coma "unha ameaza de baixa temeraria".

A licitadora achega unha xustificación da valoración da oferta para o Lote 3, indicando que a marca deste material é Fellowes, Scalene dende o ano 2018 é distribuidor autorizado pola marca, con quen colabora estreitamente. Tamén recollese que non hai ningún intermediario e a negociación do prezo é directa con prezos especiais e




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 19/66 |

exclusivos, tendo unha marxe decidida pola empresa Scalene sobre o sumatorio total do prezo de costo un 24,71%, e cas condicións económicas da súa empresa son favorable e por iso o abaratamento dos prezos reflectidos na oferta, considerándose que isto non debe ser considerado coma “unha ameaza de baixa temeraria”.

Polo antedito e tendo en conta que na resolución nº 119/2021 do recurso nº 108/2021 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunicade Autónoma de Galicia expón que para comprobar a viabilidade dunha oferta incursa en presunción de anormalidade chega con que a empresa achegue aqueles elementos que considera necesarios para xustificar a súa viabilidade, constatase que a empresa efectivamente aporta unha información, pero inicialmente parecen que non son suficientes para informar favorable o desfavorablemente, sendo necesario xustificar os gastos de transporte, embalaxe, e demais gastos ligados, ademais tendo en conta o declarado; “las condiciones económicas que Scalene Global S.L. ha recibido excepcionalmente favorables, influyeron en el abaratamiento de los precios de la oferta”, a criterio de quen subscribe debería achegar documentación acreditativa que xustifique este concepto coma os gastos da empresa, empregados, etc.

*Conclusión*.

Polo exposto considerase que coa a información e documentación achegada para a xustificación dos custos do lote 1 e lote 3, quen subscribe non pode informar nin favorable nin desfavorablemente a oferta da licitadora Scalene Global S.L., sen rebaixar a calidade das prestacións solicitadas no PPT e polo tanto que se poda cumprir ou non o mesmo.”

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou por unanimidade dos seus integrantes:

Requirir a Scalene Global S.L., de conformidade co disposto no artigo 22 do RXLC, para que, no prazo de cinco días naturais presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, aclaracións nos termos recollidos no informe que se transcribe.”

17. Informe do Servizo de Prevención de Riscos Laborais, con CSV: IV7PE6JKEF5TVDVPUEWAIADAEQ, relativo á xustificación da oferta anormalmente baixa.




| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 20/66 |

18. Acta da mesa de contratación do día 03 de novembro de 2023, con CSV: IV7PGSH7JR4ML2N23VPG6N2TJ4, na que se recolle o seguinte:

"A Mesa de Contratación, reunida en data 09 de outubro de 2023, acordou, no relativo aos lotes 1 e 3, requirir a Scalene Global S.L., de conformidade co disposto no artigo 22 do RXLC, aclaracións sobre a proposta presentada, por un prazo de cinco días naturais.

Con data 17 de outubro deuse traslado á empresa do trámite de solicitude de aclaracións. A empresa presentou xustificación con data 23 de outubro, en prazo.

O Servizo de Prevención emitiu informe, con CSV: IV7PE6JKEF5TVDVPUEWAIADAEQ, no que conclúe que: "coa a información e documentación achegada para a xustificación dos custos e calidade dos produtos do lote 1 e lote 3, quen subscribe pode informar favorable ca oferta da licitadora Scalene Global S.L., pode sen rebaixar a calidade das prestacións solicitadas no PPT , cumprir co mesmo."

A Mesa acorda, en base ao informe técnico, aceptar a xustificación da oferta presentada por Scalene Global S.L. para os lotes 1 e 3 da licitación, por unanimidade dos presentes.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, elevar ao órgano de contratación o seguinte acordo:

1º.- Aceptar a xustificación presentada pola empresa Scalene Global S.L., para o lote 1 e lote 3 da licitación de conformidade co informe técnico.

2º.- Clasificar as ofertas admitidas atendendo á seguinte orde de importancia e ponderación:

| 2023/CON_02/000049 Lote 1. LÁMPARAS DE ESCRITORIO | | |
|---|---|---|
| Nº DE ORDE | LICITADORES | NOTA TOTAL |
| 1 | SCALENE GLOBAL S.L. | 95,00 |
| 2 | GLOBAL PCH LUGO | 43,93 |
| 3 | BULL FORCE S.L | 24,62 |
| 4 | OFIPAPEL CENTER S.L. | 21,72 |
| 5 | ADRADA ASL | 17,00 |



| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 21/66 |

| 2023/CON_02/000049 Lote 2. REPOUSAPÉS | | |
|---|---|---|
| Nº DE ORDE | LICITADORES | NOTA TOTAL |
| 1 | OFIPAPEL CENTER S.L. | 100,00 |
| 2 | SCALENE GLOBAL S.L. | 86,30 |
| 3 | GLOBAL PCH LUGO | 41,45 |
| 4 | ADRADA ASL | 38,44 |
| 5 | BULL FORCE S.L | 22,42 |
| 2023/CON_02/000049 Lote 3. PARTES, ACCESORIOS E SUBMINISTROS PARA ORDENADOR | | |
| Nº DE ORDE | LICITADORES | NOTA TOTAL |
| 1 | SCALENE GLOBAL S.L. | 90,00 |
| 2 | MEIGO INNOVACION S.L. | 69,74 |
| 3 | OFIPAPEL CENTER S.L. | 53,33 |
| 4 | GLOBAL PCH LUGO | 42,93 |
| 5 | BULL FORCE S.L | 23,19 |
| 2023/CON_02/000049 Lote 4. ARQUIVADORES, BANDEXAS E OUTROS SOPORTES ANALÓXICOS | | |
| Nº DE ORDE | LICITADORES | NOTA TOTAL |
| 1 | OFIPAPEL CENTER S.L. | 100,00 |
| 2 | SCALENE GLOBAL S.L. | 80,76 |
| 3 | ADRADA ASL | 77,50 |
| 4 | GLOBAL PCH LUGO | 39,24 |
| 5 | BULL FORCE S.L | 21,26 |

3º.- Requirir ás empresas que se relacionan acto seguido, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva, significándolle que, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

| | | IMPORTE DE ADXUDICACIÓN (importe ofertado sen IVE) | IMPORTE DA GARANTÍA |
|---|---|---|---|
| LOTE 1 | SCALENE GLOBAL S.L. | 3.319,80 € | 331,98 € |
| LOTE 2 | OFIPAPEL CENTER S.L. | 6.694,00 € | 334,70 € |
| LOTE 3 | SCALENE GLOBAL S.L. | 33.768,10 € | 3.376,81 € |
| LOTE 4 | OFIPAPEL CENTER S.L. | 1.197,00 € | 59,85 € |




| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 22/66 |

20. Resolución da Presidencia, de data 15 de novembro de 2023, con CSV: IV7WUTCZMFBJTRHNW5OUEIIEKY, pola que se acepta a proposta da mesa de contratación, se clasifican as propostas presentadas e se require a documentación do artigo 150 aos licitadores mellor clasificados.

21. Consta no expediente requirimentos de documentación administrativa, cursados a través da plataforma de contratación do sector público o día 16 de novembro de 2023.

22. Acta da mesa de contratación do 05 de decembro de 2023, con CSV: IV7WWPYPJL5DLGVPUIMFGACV6I, na que se recolle o seguinte:

"Celébrase Mesa de Contratación aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, presentada polas seguintes empresas:

| LOTES | EMPRESAS |
|---|---|
| LOTE 1 LÁMPARAS DE ESCRITORIO | SCALENE GLOBAL S.L. |
| LOTE 2 REPOUSAPÉS | OFIPAPEL CENTER S.L. |
| LOTE 3 PARTES, ACCESORIOS E SUMINISTROS PARA ORDENADOR | SCALENE GLOBAL S.L. |
| LOTE 4 ARQUIVADORES, BANDEXAS E OUTROS SOPORTES ANALÓXICOS | OFIPAPEL CENTER S.L. |

As licitadoras presentaron, a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación, a excepción de:

Scalene Global S.L., presenta unha relación de subministracións de diverso equipamento e consumibles de oficina correspondente aos anos 2021, 2022 e 2023, acompañada de certificados por importe total, no ano de maior de execución (2021) de 23.874,36 euros. Non se especifica se dito importe é sen IVE e, dado que o importe esixido no PCAP para o lote 3 é de 23.637,67 €, non alcanzaría dito importe.

Ofipapel Center S.L. non presenta documentación acreditativa de solvencia económica nin da solvencia técnica.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou por unanimidade dos seus integrantes, requirir ás empresas para que, no prazo de tres días hábiles presenten, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación seguinte:




| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 23/66 |

Scalene Global S.L para o lote 3:

Dado que os certificados de boa execución aportados non especifican se os importes inclúen ou non o IVE, presente a documentación acreditativa da solvencia técnica que se recolle na cláusula 17.4.2 do PCAP:

4.2. Solvencia técnica ou profesional. Deberá acreditarse polo seguinte medio:

Unha relación dos principais servizos/ subministracións de igual o similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato, realizados durante os tres últimos anos, na que se indique o importe, a data e o destinatario, público ou privado dos mesmos.

Acreditaranse mediante certificados ou visados expedidos polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario acompañada dos documentos obrantes en poder do mesmo que acrediten a realización da prestación; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

O requisito mínimo será que o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70 por cento do valor anual medio do contrato, calculado como no apartado precedente.

Nos contratos non suxeitos a regulación harmonizada, cando o contratista sexa unha empresa de nova creación, entendendo por tal aquela que teña unha antigüidade inferior a cinco anos, a súa solvencia técnica acreditarase por calquera dos medios a que se refire o artigo 89.1.h)da LCSP cando se trate dun contrato de subministración e 90.4 cando se trate dun contrato de servizosou doutro tipo de contrato (que non se califique como obras).
(...)

4.5.- Integración da solvencia con medios externos: Para acreditar a solvencia necesaria para celebrar a contratación prevista neste PCAP, o empresario poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teñan con elas, sempre que demostre que durante toda a duración da execución do contrato dispoñerá efectivamente desa solvencia e medios, e a entidade á que recorra non estea incursa nunha prohibición de contratar. A tales




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 24/66 |

efectos deberá presentar declaración responsable da entidade ou entidades coas que pretenda acreditar a referida solvencia.

Letra T do cadro resumo:

Solvencia requirida (importes):

2. Solvencia técnica ou profesional:

| | |
|---|---|
| Lote 3 | 23.637,67 € |

Ofipapel Center S.L, para os lotes 2 e 4:

Que acredite a solvencia económica e a técnica, de conformidade co previsto na cláusula 17 do PCAP:

4.1. Solvencia económica e financeira. Deberá acreditarse por algún dos seguintes medios:

a) Volume anual de negocios, referido ao ano de maior volume de negocios dos tres últimos concluídos. (ver importe concreto no cadro resumo). A estes efectos, o volume anual de negocios deberá ser como mínimo unha vez e media o valor anual medio do contrato.
Aos efectos do cálculo do valor anual medio do contrato para a acreditación de solvencia non se considerarán as prórrogas, modificados ou opcións senón en exclusiva o importe equivalente a unha anualidade do contrato excluídos todos os impostos aplicables. De xeito análogo, nos contratos de duración inferior a un ano, tomarase en consideración o importe total do contrato, sen considerar impostos, modificacións ou prórrogas.
O volume anual de negocios do licitador ou candidato acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro e, en caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 25/66 |

b) Patrimonio neto positivo, ao peche do último exercicio económico para o que estea vencida a obriga de aprobación de contas anuais por importe igual o superior a unidade.

4.2. Solvencia técnica ou profesional. Deberá acreditarse polo seguinte medio:

Unha relación dos principais servizos/ subministracións de igual o similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato, realizados durante os tres últimos anos, na que se indique o importe, a data e o destinatario, público ou privado dos mesmos.

Acreditaranse mediante certificados ou visados expedidos polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario acompañada dos documentos obrantes en poder do mesmo que acrediten a realización da prestación; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

O requisito mínimo será que o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70 por cento do valor anual medio do contrato, calculado como no apartado precedente.

Nos contratos non suxeitos a regulación harmonizada, cando o contratista sexa unha empresa de nova creación, entendendo por tal aquela que teña unha antigüidade inferior a cinco anos, a súa solvencia técnica acreditarase por calquera dos medios a que se refire o artigo 89.1.h)da LCSP cando se trate dun contrato de subministración e 90.4 cando se trate dun contrato de servizosou doutro tipo de contrato (que non se califique como obras).

(...)
4.5.- Integración da solvencia con medios externos: Para acreditar a solvencia necesaria para celebrar a contratación prevista neste PCAP, o empresario poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teñan con elas, sempre que demostre que durante toda a duración da execución do contrato dispoñerá efectivamente desa solvencia e medios, e a entidade á que recorra non estea incursa nunha prohibición de contratar. A tales efectos deberá presentar declaración responsable da entidade ou entidades coas que pretenda acreditar a referida solvencia. Nas mesmas condicións, os empresarios que




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 26/66 |

concorran agrupados nas unións temporais a que se refire o artigo 69 da LCSP, poderán recorrer ás capacidades alleas á unión temporal.

Letra T do cadro resumo:

Solvencia requirida (importes):

2. Solvencia económica e financeira:

| LOTE | Volume anual de negocios (1,5 do valor anual medio) | Patrimonio neto positivo |
|---|---|---|
| 2 | 10.041,00 € | ≥ 1 |
| 4 | 1.795,50 € | ≥ 1 |

2. Solvencia técnica ou profesional:

| LOTE | 70% do valor anual medio |
|---|---|
| 2 | 4.685,80 € |
| 4 | 837,90 € |

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, en primeiro lugar dáse conta aos asistentes de que ambas empresas presentaron dentro do prazo outorgado a tales efectos a subsanación requirida, polo que a mesa de contratación acorda dar por completa a documentación administrativa presentada e consecuentemente acorda que pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar o contrato de subministración de equipos e material de oficina ergonómicos destinados ao persoal da Deputación Provincial de Lugo, aos adxudicatarios e polos importes que se indican acto seguido:

| | | IMPORTE DE ADXUDICACIÓN (importe ofertado sen IVE) | IVE | TOTAL |
|---|---|---|---|---|
| LOTE 1 | SCALENE GLOBAL S.L. | 3.319,80 € | 697,16 € | 4.016,96 € |
| LOTE 2 | OFIPAPEL CENTER S.L. | 6.694,00 € | 1.405,74 € | 8.099,74 € |
| LOTE 3 | SCALENE GLOBAL S.L. | 33.768,10 € | 7.091,30 € | 40.859,40 € |
| LOTE 4 | OFIPAPEL CENTER S.L. | 1.197,00 € | 251,37 € | 1.448,37 € |

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 27/66 |

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as 10:44 horas do día de referencia, de todo o cal eu a Secretaria da Mesa, Certifico.
A presente asínase de xeito dixital, deixando constancia do acontecido na sesión da mesa de contratación sinalada no encabezado."

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Adxudicar o contrato de subministración de equipos e material de oficina ergonómicos destinados ao persoal da Deputación Provincial de Lugo, aos adxudicatarios e polos importes que se indican acto seguido:

| | | IMPORTE DE ADXUDICACIÓN (importe ofertado sen IVE) | IVE | TOTAL |
|---|---|---|---|---|
| LOTE 1 | SCALENE GLOBAL S.L. | 3.319,80 € | 697,16 € | 4.016,96 € |
| LOTE 2 | OFIPAPEL CENTER S.L. | 6.694,00 € | 1.405,74 € | 8.099,74 € |
| LOTE 3 | SCALENE GLOBAL S.L. | 33.768,10 € | 7.091,30 € | 40.859,40 € |
| LOTE 4 | OFIPAPEL CENTER S.L. | 1.197,00 € | 251,37 € | 1.448,37 € |

**2º.-** O prazo de entrega é de 20 días naturais para pedidos ordinarios e 7 días naturais para pedidos urxentes, a contar ambos dende a comunicación do pedido en firme. A duración do contrato é de un ano, con posibilidade de prórroga por outro ano, a contar a partir do día seguinte ao da subscrición da acta de inicio do contrato, ou no seu defecto unha vez formalizado o contrato, salvo circunstancias excepcionais non previstas, en aplicación do artigo 153 da LCSP.

**3º.-** Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

**4º.-** Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (http://www.deputacionlugo.org/ ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

**5º.-** Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da




| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 28/66 |

adxudicación aos licitadores, sen que se houbese interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**4.- PROPOSTA RELATIVA Á APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ANEXO I SOBRE LIÑAS, ACTUACIÓNS ESPECÍFICAS E CRÉDITOS INICIALMENTE DISPOÑIBLES PARA O EXERCICIO 2024. (ACTUALIZACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2023-2025 PARA A ANUALIDADE DO 2024).**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, no que literalmente se establece:

“En relación ao asunto de referencia (expediente. 2024/XEN_01/000065), dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe:

*Antecedentes de feito.*

Primeiro.- A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 20 de xaneiro de 2023 acordou prestar aprobación ao Plan Estratéxico de Subvencións (plan plurianual 2023-2025) da Deputación Provincial de Lugo e Anexo I sobre Liñas, Actuacións Específicas e Créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2023.

Segundo.- O Plan Estratéxico de Subvencións (plan plurianual 2023-2025) da Deputación Provincial de Lugo e o Anexo I sobre Liñas, Actuacións Específicas e Créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2023 foi publicado no BOP Nº 028 do 3 de febreiro de 2023.

Terceiro.- Por acordo Plenario, de data 26 de decembro de 2023, aprobouse definitivamente o Orzamento Xeral da Deputación de Lugo para o ano 2024, o cal foi publicado no BOP Nº 298 do 30 de decembro de 2023.



| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 29/66 |

*Consideracións xurídico- administrativas.*

Primeira.- No Plan Estratéxico de Subvencións (plan plurianual 2023-2025) establécese literalmente o seguinte:

3.2- Actualización.
"En cumprimento do establecido no artigo 14.1 do amentado R.D. 887/2006, anualmente procederase á actualización dos plans incluídos neste PES, de acordo coa información relevante dispoñible, de forma que en cada anualidade, tras analizar os informes de seguimento das anteriores, e tendo sempre en conta as dispoñibilidades orzamentarias, se poidan modificar, substituír por outras ou eliminar liñas de subvencións; e sobre todo, precisar as contías, en función da dispoñibilidade orzamentaria.
Dentro de cada unha das liñas, poderá modificarse ou actualizarse calquera aspecto do seu contido, ben sexa motivado polos resultados obtidos dos informes de seguimento sobre a consecución dos obxectivos establecidos ou pola adecuación dos recursos investidos, ou ben por outros motivos debidamente xustificados. Procurarase, na medida do posible, que tal actualización poida ser aprobada, e en consecuencia que poida entrar en vigor xunto co orzamento de cada anualidade, ao tratarse de dous documentos relacionados.
En tanto non se tramite dita actualización, poderán concederse aquelas subvencións que estean dentro dos obxectivos estratéxicos e das liñas contidas no presente PES. Os acordos de actualización anual do PES serán adoptados polo mesmo órgano encargado da aprobación do Plan, é decir, a Xunta de Goberno".

15- Incorporación de anexos.
"As actualizacións do Plan que se produzan como consecuencia dos acordos corporativos sobre subvencións nominativas e liñas e actuacións específicas, coa correspondente estimación de custes e recursos financeiros aplicables en cada exercicio, previas as tramitacións oportunas, iranse incorporando a este plan estratéxico, a medio de anexos, coherentes co dinamismo e a vitalidade deste documento, e cunha información estruturada, comprensible e transparente da acción de fomento do ente provincial".

Segunda.- En canto ao órgano competente para a aprobación da actualización do vixente P.E.S. 2023-2025 é a Xunta de Goberno.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 30/66 |

*Conclusións*.

En base ao anteriormente exposto infórmase favorablemente a actualización do Plan Estratéxico de Subvencións (P.E.S.) 2023-2025 para a anualidade 2024 e consecuentemente a aprobación do anexo I sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o ano 2024."

Por todo o anteriormente exposto, proponse que, pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar a actualización do Plan Estratéxico de Subvencións (P.E.S.) 2023-2025 e o anexo I sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o ano 2024.

**2º.-** Dispoñer a súa publicación na páxina web, portal de transparencia, do Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas (SNPSAP) – Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), así como no Boletín Oficial da Provincia de Lugo."

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN CON REVISIÓNS EXCEPCIONAIS DE PREZOS.**

*Proposta en relacion coa revisión excepcional de precios obra XERMADE.- acondicionamento da estrada provincial LU-P-2204 "Momán (LU-170) – límite provincial A Coruña (As Pontes)", P.K. 8+340 a 9+802.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Vistos os informes da dirección facultativa, así como o informe do Servizo de Contratación, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

"Primeiro.- A obra foi adxudicada por acordo da Xunta de Goberno de data 19/08/2022 á empresa Francisco Gómez y Cía SL no prezo de 297.828,00 € dos cales 51.689,16 € corresponden ao IVE (21%); aumento do prazo de garantía de 2 anos e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de




| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 31/66 |

1.036,88 € € mais IVE e un prazo de execución de 7 meses e co cumprimento da súa oferta técnica.

Segundo.- O contrato relativo á obra indicada foi asinado con data 22/08/2022.

Terceiro.- Con data 05/09/2022 asinouse a acta de comprobación de replanteo.

Cuarto.- Con data 01/12/2022 asinouse acta de suspensión total das obras, sendo reanudadas en data 05/04/2023 segundo Acta de reanudación achegada.

Quinto.- Con data 11/10/2023 formalizouse Acta de recepción das obras.

Sexto.- Non consta informe da xustificación do plan de comunicación da obra.

*Lexislación aplicable.*

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).
Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
Real Decreto-lei 3/2022, de 1 de marzo, de medidas para a mellora da sustentabilidade do transporte de mercadorías por estrada e do funcionamento da cadea loxística, e polo que se traspón a Directiva (UE) 2020/1057, de 15 de xullo de 2020, pola que se fixan normas específicas con respecto a Directiva 96/71/CE e a Directiva 2014/67/UE para o desprazamento dos condutores no sector do transporte por estrada, e de medidas excepcionais en materia de revisión de prezos nos contratos públicos de obras.
Resolución de 28 de abril de 2022, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, pola que se da publicidade do Acordo do Consello da Xunta de 28 de abril de 2022, relativo a aplicación, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, do título II do Real decreto lei 3/2022, de 1 de marzo, de medidas para a mellora da sustentabilidade do transporte de mercadorías por estrada e do funcionamento da cadea loxística, e por lo que se traspón a Directiva (UE) 2020/1057, de 15 de xullo de 2020, pola que se fixan normas específicas con respecto a Directiva 96/71/CE e a Directiva 2014/67/UE para o desprazamento dos condutores no sector do transporte por estrada, e de medidas excepcionais en materia de revisión de prezos nos contratos públicos de obras.




| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 32/66 |

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
Restante normativa de xeral aplicación ou concordante aplicación.

*Consideracións xurídicas.*

Primeira.- Incoase expediente administrativo coa finalidade de tramitar procedemento para a revisión excepcional de precios ao abeiro do artigo 9 do Real Decreto-Lei 3/2022, de proceder, relativo á obra XERMADE.- Acondicionamento da estrada provincial LU-P-2204 "Momán (LU-170) – límite provincial A Coruña (As Pontes)", P.K. 8+340 a 9+802, segundo solicitude da mercantil adxudicataria da obra en data 17/10/2023 e con RE nº 2023RT015738.

Segunda.- O artigo 6 do Título II (medidas en materias de revisión excepcional de precios nos contratos de obras do sector público) do Real Decreto-Lei, sinala os casos susceptibles de revisión excepcional de precios nos contratos de obras, indicando: "1. Excepcionalmente, en los contratos públicos de obras, ya sean administrativos o privados, adjudicados por cualquiera de las entidades que formen parte del sector público estatal que se encuentren en ejecución, licitación, adjudicación o formalización a la entrada en vigor de este real decreto-ley, o cuyo anuncio de adjudicación o formalización se publique en la plataforma de contratación del sector público en el periodo de un año desde la entrada en vigor de este real decreto-ley, se reconocerá al contratista la posibilidad de una revisión excepcional de precios siempre que concurra la circunstancia establecida en este real decreto-ley.
Igual posibilidad de revisión excepcional de precios se le reconocerá al contratista en aquellos contratos públicos de obras, ya sean administrativos o privados, adjudicados por cualquiera de las entidades que forman parte del sector público estatal, cuyo anuncio de licitación se publique en la plataforma de contratos del sector público en el plazo de un año desde la entrada en vigor de este real decreto ley y cuyo pliego de cláusulas administrativas particulares establezca una fórmula de revisión de precios, siempre que concurra la circunstancia establecida en este real decreto-ley. (...)"
Segundo os datos obrantes neste Servizo, o contrato de referencia publícase anuncio de licitación no prazo dun ano desde a entrada en vigor do Real Decreto-Lei 3/2022, xa que segundo se indica na disposición final octava, entrará en vigor o mesmo día da publicación, sendo publicado no BOE número 52 de data 02/03/2022, e o anuncio de licitación o 29/04/2022.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 33/66 |

Terceira.- O artigo 7 indica "1. La revisión excepcional de precios se reconocerá cuando el incremento del coste de los materiales empleados para el contrato de obras haya tenido un impacto directo y relevante en la economía del contrato durante su vigencia y hasta su finalización, esto es, una vez formalizada el acta de recepción y emitida la correspondiente certificación final.

A estos efectos se considerará que existe tal impacto cuando el incremento del coste de materiales siderúrgicos, materiales bituminosos, aluminio o cobre, calculado aplicando a los importes del contrato certificados en el periodo, siempre posterior al 1 de enero de 2021, que determine el contratista en su solicitud y que no podrá ser inferior a doce ni superior a veinticuatro meses, su fórmula de revisión de precios si la tuviera, y, en su defecto, aplicando la que por la naturaleza de las obras le corresponda de entre las fijadas en el Real Decreto 1359/2011, de 7 de octubre, exceda del 5 por ciento del importe certificado del contrato en ese mismo período. El cálculo de dicho incremento se efectuará suprimiendo de la fórmula aplicable al contrato los términos que representan los elementos de coste distintos de los antes citados, e incrementando el término fijo, que representa la fracción no revisable del precio del contrato, en el valor de los coeficientes de los términos suprimidos, de forma que la suma de todos los coeficientes mantenidos más el término fijo sea la unidad.

En caso de que el contrato tuviese una duración inferior a doce meses, el incremento del coste se calculará sobre la totalidad de los importes del contrato certificados. El periodo mínimo de duración del contrato para que pueda ser aplicable esta revisión excepcional de precios será de cuatro meses, por debajo del cual no existirá este derecho.

Por Orden del Ministerio de Hacienda y Función Pública, previo informe del Comité Superior de Precios de Contratos del Estado, se podrán establecer otros materiales cuyo incremento de coste deba tenerse también en cuenta a los efectos anteriores.

2. La cuantía de la revisión excepcional a la que se refiere este artículo no podrá ser superior al 20 por ciento del precio de adjudicación del contrato. Dicha cuantía no se tomará en consideración a los efectos del límite del 50 por ciento previsto en el artículo 205.2. de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, y en el artículo 111.2 del Real Decreto Ley 3/2020, de 4 de febrero; ni a los efectos de otros límites sobre modificaciones previstos en la normativa anterior que fuese de aplicación al contrato".

No informe da dirección facultativa analízanse os items sinalados, e sendo o prazo de execución de 7 meses, superior polo tanto ao indicado como mínimo para existir dereito a dita revisión.




| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 34/66 |

Cuarta.- En canto aos criterios de cálculo de revisión, ao que fai referencia o artigo 8 e a maneira de cálculo, aos mesmos se refire no informe da dirección facultativa.

Quinta.- O artigo 9 do Real Decreto-Lei, indica: "1. La revisión excepcional de precios se aprobará, en su caso, por el órgano de contratación previa solicitud del contratista, que deberá presentarla durante la vigencia del contrato y, en todo caso, antes de la aprobación, por el órgano de contratación de la certificación final de obras.
2. La solicitud irá acompañada de la documentación necesaria para acreditar la concurrencia de la circunstancia de excepcionalidad establecida en este real decreto-ley. El órgano de contratación deberá apreciar el cumplimiento de la mencionada circunstancia. Para ello, y siempre que sea posible, el órgano de contratación utilizará datos procedentes del Instituto Nacional de Estadística. En caso de no aportarse debidamente la citada documentación el órgano de contratación concederá un plazo improrrogable de siete días hábiles para subsanar tal defecto. En caso de que en dicho plazo no se subsanase la deficiencia, denegará la solicitud.
3. Una vez recibida la documentación, el órgano de contratación dictará una propuesta provisional indicando en ella si procede reconocer la revisión excepcional de precios y, de ser así, la fórmula aplicable al contrato. De esta propuesta se dará traslado al contratista por un plazo de 10 días hábiles para que presente sus alegaciones.
Transcurrido el citado plazo, el órgano de contratación resolverá motivadamente lo que proceda en el plazo de un mes a contar desde la recepción de las alegaciones o desde la finalización del plazo para su presentación. La concesión de la revisión excepcional de precios no requerirá el reajuste de la garantía definitiva.
La finalización del plazo máximo para resolver sin haber tenido resolución expresa, faculta al solicitante para entender desestimada su solicitud por silencio administrativo."
Neste sentido, constan informes da Dirección facultativa analizando a circunstancia da excepcionalidade así como a formula que procedería aplicar, así como Resolución da Presidencia de data 05/12/2023 con CSV: IV7WWMDDZUOK3RH7DRV5MIZ7AI e notificación á mercantil da mesma, sen que conste alegacións.
Consta tamén informe proposta remitido a este Servizo, con CSV: IV7WSLZKHRMDKX75WYPAONT7GA, na parte conclusiva:
"Aprobar a fórmula n.º 151 do Real Decreto 1359/2011 como fórmula aplicable para o cálculo da revisión excepcional de prezos da obra "Acondicionamento da estrada provincial LU-P-2204 'Momán (LU-170)-Límite provincial A Coruña (As Pontes)' p.q. 8+340 ao 9+802. Xermade.(2022/CON_02/000022).




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 35/66 |

Desestimar a procedencia da revisión excepcional de prezos ao non concurrir, cos índices de prezos provisionais actualmente publicados, a circunstancia de excepcionalidade establecida no Real Decreto-lei 3/2022, sen prexuízo dos que definitivamente se publiquen."

Sexta.- O artigo 3.1 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, sinala que a emisión de informes, cando así se estableza na lexislación sectorial, é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaria Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón, a estes efectos, que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente.

Sétima.- De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para a aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011).

*Conclusión*.

Considerando os antecedentes, e vistas as consideracións realizadas no corpo do presente, informase de xeito favorable a formula e o procedemento de revisión, nos termos do Real Decreto-Lei 3/2022, procedendo a desestimación da revisión excepcional de prezos nos termos informados pola Dirección facultativa para obra indicada.
E canto procede informar, sen prexuízo de mellor criterio fundado en dereito".

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:




| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 36/66 |

**1º.-** Aprobar a fórmula n.º 151 do Real Decreto 1359/2011 como fórmula aplicable para o cálculo da revisión excepcional de prezos da obra "Acondicionamento da estrada provincial LU-P-2204 'Momán (LU-170)- límite provincial A Coruña (As Pontes)' p.q. 8+340 ao 9+802. Xermade.(2022/CON_02/000022).

**2º.-** Desestimar a procedencia da revisión excepcional respecto da revisión excepcional de prezos na obra "Acondicionamento da estrada provincial LU-P-2204 'Momán (LU-170)- límite provincial A Coruña (As Pontes)' p.q. 8+340 ao 9+802. Xermade.(2022/CON_02/000022), ao non concurrir, cos índices de prezos provisionais actualmente publicados, a circunstancia de excepcionalidade establecida no Real Decreto-lei 3/2022, sen prexuízo dos que definitivamente se publiquen."

**3º.-** Comunicar o acordo da Xunta de Goberno á mercantil Francisco Gómez y Cía SL".

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE APLICACIÓN DE REMANENTES DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2023.**

*Escrito do Concello de O Corgo, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación dos investimentos 65-66 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

"En relación co escrito da Alcaldía do Concello de O Corgo, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (65-66) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27/12/2022 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 09/01/2023.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 37/66 |

2. Nas devanditas bases, concretamente na base 15, establécese "...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/ actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:
Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).
Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2024, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.
Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.
Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.
Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán xustificados nos mesmo prazo que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, xustificados no prazo de dous meses desde a finalización da obra/investimento, e en todo caso na data límite do 15 de novembro de 2024."

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 28/03/2023, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

4. O Concello de O Corgo presentou Anexo III de obras incluídas no Plan Único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

| CONCELLO | Nº | IDENTIFICACIÓN/ DESCRIPCIÓN | APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN | REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| O CORGO | 65 | REXENERACIÓN DO PAVIMENTO DESDE A N-VI A STA MARIÑA-BOCELO, INCLUÍDO HONORARIOS | 1531.76201 | 22.959,37€ |
| O CORGO | 66 | PAVIMENTO DOS ACCESOS A CHAVÍN E RUBIAL DENDE A LU-P-1611, INCLUÍDO HONORARIOS | 1531.76201 | 2.834,01 |



| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 38/66 |

5. Por escrito de data 27/12/2023 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguinte actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

| CONCELLO | Nº | IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN | APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN | ACHEGA CONCELLO | ACHEGA DEPUTACIÓN | TOTAL INVESTIMENTO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| O CORGO | REM | ACONDICIONAMENTO DE PAVIMENTO DE PISTAS MUNICIPAIS: ACCESO NÚCLEO DE SAN XOAN DE SEGOVIA, PISTAS EN QUINTELA-SAN BARTOLOME E ACCESO NÚCLEOS DE FOLARÓN-FOMPEDRIÑA EN FARNADEIROS | 1531.76201 | 9.205,66€ | 25.793,38€ | 34.999,04€ |

6. Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 15 das do Plan único 2023, "...Os investimentos/ actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

*Conclusión*.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de O Corgo, no Plan Único 2023.
E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado".

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de O Corgo e incluír no PUC/23, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 39/66 |

| CONCELLO | Nº | IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN | APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN | ACHEGA CONCELLO | ACHEGA DEPUTACIÓN | TOTAL INVESTIMENTO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| O CORGO | REM | ACONDICIONAMENTO DE PAVIMENTO DE PISTAS MUNICIPAIS: ACCESO NÚCLEO DE SAN XOAN DE SEGOVIA, PISTAS EN QUINTELA-SAN BARTOLOME E ACCESO NÚCLEOS DE FOLARÓN-FOMPEDRIÑA EN FARNADEIROS | 1531.76201 | 9.205,66€ | 25.793,38€ | 34.999,04€ |

**2º.-** Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados."

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## 7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Proposta relativa á modificación, se procede, do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pastoriza para cooperar na "Adecuación de camiños de acceso a espazos públicos, vivendas e depósito de auga en Bretoña (Pastoriza) e honorarios técnicos" ano 2023.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

"En relación ao asunto de referencia (EXP. 2023/PES_03/027739) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe,

*Antecedentes de feito.*

Primeiro.- A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 28 de abril de 2023, acordou, por unanimidade dos asistentes, prestar aprobación á proposta de aprobar o texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de A Pastoriza para cooperar na "Adecuación de camiños de acceso a espazos públicos, vivendas e depósito de auga en Bretoña (Pastoriza) e honorarios técnicos" ano 2023, por importe total de 114.767,63 € e o gasto, en concepto de achega económica, por parte




| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 40/66 |

da Deputación, por importe de 114.767,63 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do orzamento xeral do ano 2023.

Segundo.- O convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de A Pastoriza para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na "Adecuación de camiños de acceso a espazos públicos, vivendas e depósito de auga en Bretoña (Pastoriza) e honorarios técnicos" ano 2023 formalizouse o 4 de maio de 2023.

Terceiro.- O alcalde do Concello de A Pastoriza remitiu, o 29 de decembro de 2023 (2023RT019428), escrito no que literalmente se establece o seguinte:

"Que a Deputacion Provincial de Lugo autorice a ampliación do prazo de execución e xustificación do mencionado convenio para o 28 de xuño de 2024".

*Consideracións xurídico-administrativas.*

Primeira.- No convenio de referencia establécese o seguinte:
Na cláusula Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.
"(...)
3.2. O Concello de A Pastoriza:
En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de A Pastoriza, comprométese ao seguinte:
(...)
4. O prazo inicialmente previsto de execución é o 31 de decembro de 2023. Este prazo de execución pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.
(...)".

Na cláusula Cuarta. Réxime económico.
"(...)
O prazo inicialmente previsto para que o concello de A Pastoriza aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca inicialmente ata o 31 de marzo de 2024. Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 41/66 |

da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo. (...)”

Na cláusula Quinta. Duración do convenio interadministrativo.
“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.
A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2025 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.”

Na cláusula Sexta. Modificación.
“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.
A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.”

Segunda.- En canto ao órgano competente para aprobar a modificación do convenio de referencia a través dunha addenda é a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou o mesmo.

*Conclusións*.

Por todo o exposto, e tendo en conta que:

O convenio está vixente e prevese a modificación do mesmo.
Media a vontade de ambas partes (concorrencia de interese común).
Que as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros.
E que non se alteran as condicións esenciais do documento inicial, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento informase favorablemente que pola Xunta de Goberno se acorde a modificación solicitada pola representante do Concello de A Pastoriza nos termos da addenda do convenio incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia.”




| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 42/66 |

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar a modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pastoriza para cooperar na "Adecuación de camiños de acceso a espazos públicos, vivendas e depósito de auga en Bretoña (Pastoriza) e honorarios técnicos" ano 2023 cuxa addenda quedaría redactada no seguinte senso:

*Addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pastoriza para cooperar na "Adecuación de camiños de acceso a espazos públicos, vivendas e depósito de auga en Bretoña (Pastoriza) e honorarios técnicos" ano 2023.*

*Reunidos*.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F. P-2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, 27001,actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra parte, don Dario Cabaneiro Santomé, que actúa en nome e representación do Concello de A Pastoriza, con N.I.F P-2704400G, con sede na Praza de Galicia, s/n, 27287, A Pastoriza, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, como Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos da presente addenda e a tal efecto,

*Manifestan*.

Primeiro.- A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 28 de abril de 2023, acordou, por unanimidade dos asistentes, prestar aprobación á proposta de aprobar o texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de A Pastoriza para cooperar na "Adecuación de camiños de acceso a espazos públicos, vivendas e




| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 43/66 |

depósito de auga en Bretoña (Pastoriza) e honorarios técnicos" ano 2023, por importe total de 114.767,63 € e o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 114.767,63 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do orzamento xeral do ano 2023.

Segundo.- O convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de A Pastoriza para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na "Adecuación de camiños de acceso a espazos públicos, vivendas e depósito de auga en Bretoña (Pastoriza) e honorarios técnicos" ano 2023 formalizouse o 4 de maio de 2023.

Terceiro.- O alcalde do concello de A Pastoriza remitiu, o 29 de decembro de 2023 (2023RT019428), escrito no que literalmente se establece o seguinte:

"Que a Deputacion Provincial de Lugo autorice a ampliación do prazo de execución e xustificación do mencionado convenio para o 28 de xuño de 2024".

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan a presente addenda, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

*Cláusulas*.

Primeira.- As partes acordan modificar as cláusulas terceira e cuarta do convenio formalizado o 4 de maio de 2023 que quedarán redactadas no seguinte senso:

Cláusula terceira.- Obrigas e compromisos das partes.
"3.1. Deputación Provincial de Lugo.
En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:
1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula cuarta (114.767,63€).
2. Difundir a cooperación de ambas entidades no formato máis adecuado (cartel ou dixital, banners ou semellantes), facilitadas e/ ou elaboradas polo Gabinete de Comunicación da Deputación.
3. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometida pola Deputación, ou previa solicitude do Concello autorizar a aplicación dos remanentes producidos na licitación ou execución noutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.




| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 44/66 |

3.2. O Concello de A Pastoriza.
En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de A Pastoriza , comprométese ao seguinte:
1. Achegar, para a execución do convenio o financiamento que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.
2. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
3. Aportar tódolos terreos precisos, e procurar os permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución.
4. O prazo inicialmente previsto de execución é o 30 de xuño de 2024. Este prazo de execución pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.
5. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.
6. Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo no baleirado das placas. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.
7 Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
8. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
9. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo."

Cláusula cuarta.- Réxime económico.
a) "Achegas.
1.- Achega da Deputación:
A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 114.767,63€ con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2023 para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins de acordo coa actuación que figura na cláusula primeira.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 45/66 |

2.- Achega do Concello:
O Concello de A Pastoriza aportará para a execución do convenio o financiamento que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

Titularidade do resultado da cooperación.
O resultado da cooperación será do Concello de A Pastoriza.

Xustificación da achega económica.
O prazo inicialmente previsto para que o Concello de A Pastoriza aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca inicialmente ata o 31 de agosto de 2024. Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

1. Memoria de actuacións das actividades realizadas.
2. Memoria económica xustificativa do custo das actividades obxecto deste convenio, que conterá:
1. Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data pagamento.
Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.
Certificación expedida Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.
Actas de recepción.
Declaración responsable emitida polo representante do Concello indicando que a entidade asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
Declaración responsable do representante do Concello na que se faga constar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 46/66 |

Declaración do representante do Concello sobre as subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.
Declaración responsable na que se faga constar que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
Declaración responsable, emitida polo representante do Concello, na que se faga constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.
Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.
Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente."

**2º.-** As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta addenda, permanecerán invariables.

Ambas partes acordan incorporar ao convenio, subscrito con data 4 de maio de 2023, esta addenda a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes asinan a presente addenda do que como Secretario dou fe."

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta relativa á modificación, se procede, do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Quiroga para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de varias actuacións no Concello de Quiroga, ano 2023.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 47/66 |

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

“En relación ao asunto de referencia (EXP. 2023/PES_03/027755) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe.

*Antecedentes de feito.*

Primeiro.- A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 22 de decembro de 2023, acordou, por unanimidade dos asistentes, prestar aprobación á proposta de aprobar o texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Quiroga para cooperar no financiamento dos gastos derivados de varías actuacións no concello de Quiroga, por importe total de 123.993,00 € e o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 123.993,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo as aplicacións orzamentarias 9420.76200 (120.000,00 €) e 9420.46200 (3.993,00 €) do orzamento do ano 2023..

Segundo.- O convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Quiroga para cooperar no financiamento dos gastos derivados de varías actuacións no concello de Quiroga formalizouse o 28 de decembro de 2023.

Terceiro.- O alcalde do Concello de Quiroga remitiu, o 29 de decembro de 2023 (2023RT019484) escrito no que literalmente se establece o seguinte:

“(...)
Solicítase.
A modificación do prazo de execución do gasto correspondente a Liña 2. Gastos Correntes Implantar a aplicación Aldealista (polo importe de 3.993,00 €), ata o 31 de xaneiro de 2024, ante a imposibilidade de cumprir co prazo establecido no convenio.
O poder realizar o pago das contas xustificativas independentemente”.

*Consideracións xurídico-administrativas.*

Primeira.- No convenio de referencia establécese o seguinte:
Na cláusula Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.
“(...)




| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 48/66 |

3.2. O Concello de Quiroga:
En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Quiroga, comprométese ao seguinte:
1. Achegar, para a execución do convenio o financiamento do importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.
2. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
3. Procurar os permisos e autorizacións que sexan necesarios para a correcta execución do convenio.
4. O prazo inicialmente previsto de execución das actuacións comprendidas na Liña 1 abarca ata o 30 de setembro de 2024. Este prazo de execución pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.
5. O prazo de execución das actuacións comprendidas na Liña 2 abarca ata o 31 de decembro de 2023.
6. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.
7. Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo no baleirado das placas. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.
8. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
9. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
10. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo."

Na cláusula Quinta. Duración do convenio interadministrativo.
"A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.
A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2025 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 49/66 |

decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público."

Na cláusula Sexta. Modificación.
"A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.
A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo."

Segunda.- No artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común recollese o seguinte:

"1. A Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a pedimento dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias aconséllano e con iso non se prexudican dereitos de terceiro. O acordo de ampliación deberá ser notificado aos interesados.

(...)

3. Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate. En ningún caso poderá ser obxecto de ampliación un prazo xa vencido. Os acordos sobre ampliación de prazos ou sobre a súa denegación non serán susceptibles de recurso, sen prexuízo do procedente contra a resolución que poña fin ao procedemento..(...)"

Terceira.- En canto ao órgano competente para aprobar a modificación do convenio de referencia ,a través dunha addenda, é a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou o mesmo.

*Conclusións*.

Por todo o exposto, e tendo en conta a imposibilidade de aprobar a addenda solicitada antes do 31 de decembro de 2023, dado que a primeira Xunta de Goberno a celebrar trala solicitude do representante do Concello de Quiroga é a do 12 de xaneiro de 2024 e que o convenio está vixente e prevese a modificación do mesmo, que media a vontade de ambas partes (concorrencia de interese común), que as circunstancias o




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 50/66 |

aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros e que non se alteran as condicións esenciais do documento inicial, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento informase favorablemente que pola Xunta de Goberno se acorde a modificación solicitada pola representante do Concello de Quiroga nos termos da addenda do convenio incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia."

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar a modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Quiroga para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de varias actuacións no concello de Quiroga, ano 2023, cuxa addenda quedaría redactada no seguinte senso:

*Addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Quiroga para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de varias actuacións no Concello de Quiroga, ano 2023.*

*Reunidos*.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

E doutra don José Luís Rivera Castro, Alcalde do Concello de Quiroga, con N.I.F P2705000D e sede social na rúa Real nº52 C.P 27320, Quiroga, actuando en nome e representación da citada entidade de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos da presente modificación e a tal efecto,




| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 51/66 |

*Manifestan*.

Primeiro.- A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 22 de decembro de 2023, acordou, por unanimidade dos asistentes, prestar aprobación á proposta de aprobar o texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Quiroga para cooperar no financiamento dos gastos derivados de varías actuacións no concello de Quiroga, por importe total de 123.993,00 € e o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 123.993,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo as aplicacións orzamentarias 9420.76200 (120.000,00 €) e 9420.46200 (3.993,00 €) do orzamento do ano 2023..

Segundo.- O convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Quiroga para cooperar no financiamento dos gastos derivados de varías actuacións no concello de Quiroga formalizouse o 28 de decembro de 2023.

Terceiro.- O alcalde do Concello de Quiroga remitiu, o 29 de decembro de 2023 (2023RT019484) escrito no que literalmente se establece o seguinte:

"(...)
Solicítase.
A modificación do prazo de execución do gasto correspondente a Liña 2. Gastos Correntes Implantar a aplicación Aldealista (polo importe de 3.993,00 €), ata o 31 de xaneiro de 2024, ante a imposibilidade de cumprir co prazo establecido no convenio.
O poder realizar o pago das contas xustificativas independentemente".

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan a presente addenda, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

*Cláusulas*.

Primeira.- As partes acordan modificar as cláusulas terceira e cuarta do convenio formalizado o 28 de decembro de 2023 que quedarán redactadas no seguinte senso:

Cláusula terceira.- Obrigas e compromisos das partes.
"3.1. Deputación Provincial de Lugo.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 52/66 |

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula cuarta (123.993,00 €).
2. Difundir a cooperación de ambas entidades no formato máis adecuado (cartel ou dixital, banners ou semellantes), facilitadas e/ ou elaboradas polo Gabinete de Comunicación da Deputación.
3. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometida pola Deputación, ou previa solicitude do Concello autorizar a aplicación dos remanentes producidos na licitación ou execución noutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.

3.2. O Concello de Quiroga.

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Quiroga, comprométese ao seguinte:

1. Achegar, para a execución do convenio o financiamento do importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.
2. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
3. Procurar os permisos e autorizacións que sexan necesarios para a correcta execución do convenio.
4. O prazo inicialmente previsto de execución das actuacións comprendidas na Liña 1 abarca ata o 30 de setembro de 2024. Este prazo de execución pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.
5. O prazo de execución das actuacións comprendidas na Liña 2 abarca ata o 31 de xaneiro de 2024.
6. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.
7. Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo no baleirado das placas. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.
8. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
9. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 53/66 |

10. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo".

Cláusula cuarta.- Réxime económico.
a) "Achegas:
1.- Achega da Deputación:
A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 123.993,00 € (120.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 e 3.993,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.46200 € do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2023) para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins de acordo coa actuación que figura na cláusula primeira.
2.- Achega do Concello:
O Concello de Quiroga aportará para a execución do convenio o financiamento do importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

b) Titularidade do resultado da cooperación:
O resultado da cooperación será do Concello de Quiroga.

c) Xustificación da achega económica:
O prazo inicialmente previsto para que o Concello de Quiroga aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca inicialmente ata o 30 de novembro de 2024. Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

Así mesmo poderán admitirse contas xustificativas por cada unha das actuacións -incluídas nas Liñas 1 e 2- obxecto deste convenio sempre que as mesmas estean completamente executadas.

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

Memoria de actuacións das actividades realizadas.
Memoria económica xustificativa do custo das actividades obxecto deste convenio, que conterá:




| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 54/66 |

1. Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data pagamento.
2. Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.
3. Certificación expedida Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.
Actas de recepción das actuacións incluídas na Liña 1.
Declaración responsable emitida polo representante do Concello indicando que a entidade asumiu o custo do "Imposto sobre o valor engadido (IVE)", por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo
Declaración responsable do representante do Concello na que se faga constar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.
Declaración do representante do Concello sobre as subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.
Declaración responsable na que se faga constar que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
Declaración responsable, emitida polo representante do Concello, na que se faga constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.
Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.
Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente."

**2º.-** As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta addenda, permanecerán invariables.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 55/66 |

Ambas partes acordan incorporar ao convenio, subscrito con data 28 de decembro de 2023, esta addenda a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes asinan a presente addenda do que como Secretario dou fe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA REVOGACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS DE USO DOS HORTOS URBANOS DO PASEO DO RATO, DEBIDO Á FALTA DE CULTIVO.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

“O Regulamento das Hortas Urbanas Ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo publicado no BOP nº 156 de 9 de xullo de 2020 establece os requisitos e condicións que rexen o uso e funcionamento dos Hortos urbanos do Parque do Paseo do Rato.

Entre eles establece no seu apartado XI. Órganos competentes o seguinte:

“Punto 32. En materia relativa á adxudicación dos hortos ou demais acordos que se poidan acadar, o órgano competente será sempre a Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo”.

Con data 13 de novembro de 2020 aprobase en sesión ordinaria da Xunta de Goberno o Procedemento de Autorización de uso dos Hortos urbanos e Hortos urbanos de Paradai (1ª fase).

O día 5 de marzo de 2021 a Xunta de Goberno acorda a Autorización de uso e asignación dos Hortos urbanos do río Rato ás persoas ou entidades que ata a data eran usuarios dos Hortos do Rato ou de Paradai, entre os que se atopan os seguintes interesados:




| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 56/66 |

| HORTO ASIGNADO | SOLICITANTE |
|---|---|
| 18 | Alejandro Pardo López |
| 23 | Dolores Fernández Martinez |
| 25 | Mª Lourdes Rodríguez Domíngez |
| 39 | Roberto De Francesco |
| 46 | Ana Belén Abuin Rodríguez |
| 48 | Estefanía Coaguila Ríos |
| 61 | Jorge Freire Fernández |

Con data 26 de marzo de 2021 aprobase en sesión ordinaria da Xunta de Goberno o Procedemento de Autorización de uso dos Hortos urbanos do Parque do río Rato (2ª fase).

O día 11 de xuño de 2021 a Xunta de Goberno acorda a Autorización de uso e asignación individualizada dos Hortos urbanos do Parque do río Rato (2ª fase) para novos usuarios entre os que se inclúen as seguintes persoas:

| HORTO ASIGNADO | SOLICITANTE |
|---|---|
| 71 | Abdelouhab Matahi Erradouani |
| 100 | Elena Guillen Garcia |

Con data 22 de outubro de 2021 aprobase en sesión ordinaria da Xunta de Goberno a Convocatoria de concesión de autorización de uso dos Hortos urbanos do río Rato (3ª Fase).

O día 21 de xaneiro de 2022 a Xunta de Goberno acorda a Autorización de uso e asignación individualizada dos Hortos urbanos do Parque do río Rato (3ª Fase) para novos usuarios entre os que se inclúen as seguintes persoas:

| HORTO ASIGNADO | SOLICITANTE |
|---|---|
| 117 | Ana Maria Sanchez Vilariño |
| 123 | Mª Elisa Perez Carballal |
| 124 | Yugsaines Arcia Vallejo |
| 130 | Ahmed Radouane Namir |




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 57/66 |

Con data 16 de setembro de 2022 aprobase en sesión ordinaria da Xunta de Goberno o procedemento para a concesión de autorizacións de uso dos Hortos urbanos do Parque Rato (4ª Fase).

O día 27 de xaneiro de 2023 a Xunta de Goberno acorda a aprobación das Autorizacións de uso e asignación individualizada dos Hortos urbanos do Parque do Rato (4ª Fase), para novos usuarios entre os que se inclúen as seguintes persoas:

| HORTO ASIGNADO | SOLICITANTE |
|---|---|
| 87 | Carmen Muiña Pena |
| 105 | Mario Cascudo Ferreiro |
| 149 | Yaiza Maria Yañez Altamirano |

Visto o informe emitido polo Servizo de Medio Ambiente con CSV IV7W4OP6L5V47PEZSA6N747HIQ.

Vista a documentación e informes presentes no expediente 2023/XEN_01/003030 sobre Revogación de Autorizacións de uso dos Hortos urbanos do Paseo do Rato non cultivados e a perda condición usuario e tendo en conta que o Regulamento das Hortas Urbanas Ecolóxicas (BOP nº 156 de 9 de xullo de 2020) establece no seu apartado XVIII os motivos polos cal se pode perder a condición de usuario da horta, entre a que se atopa:

"d) Falta de cultivo da parcela, salvo causa xustificada."

Por todo o anteriormente exposto, tendo en conta os expresados informes e de conformidade ás previsións contidas na lexislación patrimonial, en particular na Lei 33/2003 de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas, do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, e o Regulamento das Hortas urbanas ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo, proponse á Xunta de Goberno:

**1º.-** A revogación da autorización de uso dos Horto urbano do Paseo do Rato concedida e a perda da condición de usuario dos Hortos urbanos do Paseo do Rato, debido ao non cultivo dos mesmos, segundo o establecido no Regulamento das Hortas Urbanas Ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo dos seguintes usuarios:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 58/66 |

| HORTO | USUARIO |
|---|---|
| 18 | Alejandro Pardo López |
| 23 | Dolores Fernández Martinez |
| 25 | Mª Lourdes Rodríguez Domíngez |
| 46 | Ana Belén Abuin Rodríguez |
| 48 | Estefanía Coaguila Ríos |
| 61 | Jorge Freire Fernández |
| 100 | Elena Guillen Garcia |
| 117 | Ana Maria Sanchez Vilariño |
| 123 | Mª Elisa Perez Carballal |
| 124 | Yugsaines Arcia Vallejo |
| 130 | Ahmed Radouane Namir |
| 87 | Carmen Muiña Pena |
| 105 | Mario Cascudo Ferreiro |
| 149 | Yaiza Maria Yañez Altamirano |

**2º.-** Manter as autorizacións dos Hortos nº 39 e nº 71, asignados a Roberto De Francesco e a Abdelouhab Matahi Erradouani respectivamente, debido a que manifestaron por escrito o compromiso de retomar o cultivo do Horto asignado."

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DE SELECCIÓN DAS PERSOAS USUARIAS DO PROGRAMA LUGOTERMAL E A SÚA PUBLICACIÓN NO BOP DE LUGO.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

"Considerando que a Deputación de Lugo ten como un dos seus obxectivos principais promover o benestar social dos seus cidadáns, en cumprimento do establecido no artigo 50 da Constitución Española, o cal sinala que os poderes públicos promoverán o benestar mediante un sistema de servizos sociais que atenderán seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e lecer.



| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 59/66 |

Considerando que dende o ano 2011 a Deputación de Lugo ven desenvolvendo programas de termalismo dirixidos as persoas maiores empadroadas en calquera concello da provincia de Lugo, en colaboración cos establecementos balnearios autorizados pola autoridade competente para utilizar as augas minero-medicinales declaradas de utilidade pública con fins terapéuticos e preventivos para a saúde, segundo o regulado no artigo 22 da Lei 5/1995, de 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia, na provincia de Lugo.

Considerando que os orzamentos da Deputación Provincial de Lugo para o presente exercicio, recollen un incremento notable das dotacións orzamentarias dedicadas as políticas sociais e de promoción socioeconómica da provincia de Lugo, e por ende, dende o Benestar Social e Igualdade pretendese poñer en marcha diferentes proxectos, programas e actuacións, entre o que se atopa o programa de termalismo "LugoTermal".

Considerando que a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (LSSG), ten por obxecto estruturar e regular, como servizo público, os servizos sociais nesta Comunidade Autónoma de Galicia para a construción do sistema galego de benestar, entendendo por servizos sociais o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan o logro de diversos obxectivos, entre os que se atopan: previr a aparición de calquera situación de dependencia, exclusión, desigualdade ou desprotección e promover e garantir o dereito universal da cidadanía galega ao acceso aos servizos sociais, garantindo a suficiencia orzamentaria que asegure a súa efectividade.

Ase mesmo, a citada LSSG establece que as competencias das deputacións provinciais, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das seus competencias en materia de servizos sociais, especialmente na prestación de servizos sociais comunitarios básicos por aqueles concellos con menos de vinte mil habitantes.

Considerando que a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 20.10.2023 aprobou, un ano mais, a programación dun programa preventivo da dependencia e da promoción da autonomía persoal, potenciando o




| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 60/66 |

envellecemento activo a través do termalismo, denominado "LugoTermal". Este programa ten como obxectivo principal a mellora da calidade de vida das persoas participantes, cun carácter preventivo da dependencia e da promoción da autonomía persoal a través dos tratamentos/ técnicas termais, estando dirixido a persoas que teñan 55 anos o mais e que se topen empadroadas nalgún concello da provincia de Lugo, podendo levar consigo unha persoa en calidade de acompañante, que non cumpra os requisitos sinalados.

Considerando que para a posta en marcha do Programa "LugoTermal", foi necesario a contratación de servizos termais, tendo en conta a Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, en concreto o seu artigo 28, necesidade e idoneidade do contrato e eficiencia na contratación, no cal se sinala que os entes, organismos e entidades do sector público non poderán celebrar outros contratos que aqueles que sexan necesarios para o cumprimento e realización dos seus fins institucionais, sendo a prevención da dependencia e a promoción do envellecemento activo sen debida de interese xeral social para a provincia de Lugo.

Considerando que con data o 22.12.2023, mediante acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo adxudicouse os servizos de termalismo derivados da execución do programa denominado LugoTermal, mediante un procedemento de negociado sen publicidade, sendo adxudicatarios, previos trámites administrativos establecidos, Madrid Airport Hoteles S.L., Balneario y Termas de Lugo S.L., Balneario de Rio Pambre, S.L. e Hotel Balneario Augas Santas, S.L. dos lotes 1, 2, 3 e 4 respectivamente. Quedando do seguinte xeito a adxudicación:

| LOTE | ESTABLECEMENTO | PRAZAS CON ESTANCIA | IMPORTE SEN IVE 100,50€ /praza | IMPORTE CON IVE 10% | PRAZAS SEN ESTANCIA 0,00€ /praza | MELLORAS OFERTADAS sen custe |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Madrid airport hoteles S.L. | 300 | 30.150,00€ | 33.165,00 € | 120 | 1) Facilitar toallas de balde ás persoas usuarias na modalidade sen estancia. |
| 2 | Balneario y Termas de Lugo, S.L. | 50 | 5.025,00 € | 5.527,50 € | 150 | 1) 5 técnicas mais na modalidade con estancia.<br>2) 10 técnicas mais na modalidade sen estancia.<br>3).- Facilitar albornoz de balde ás persoas usuarias na modalidade sen estancia.<br>4).-10% de desconto nos servizos e prestacións complementarias en relación |



| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 61/66 |

| LOTE | ESTABLECEMENTO | PRAZAS CON ESTANCIA | IMPORTE SEN IVE 100,50€ /praza | IMPORTE CON IVE 10% | PRAZAS SEN ESTANCIA 0,00€ /praza | MELLORAS OFERTADAS sen custe |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | coas tarifas oficiais do establecemento termal.<br>5).-20% de desconto nas estancias e prestacións en relación coas tarifas oficiais do establecemento termal. |
| 2 | Balneario Río Pambre, S.L. | 75 | 7.537,50€ | 8.291,25 € | 75 | 1).-Facilitar toallas de balde ás persoas usuarias na modalidade sen estancia.<br>2).-10% de desconto nos servizos e prestacións complementarias en relación coas tarifas oficiais do establecemento termal.<br>3).-10% de desconto nas estancias e prestacións en relación coas tarifas oficiais do establecemento termal. |
| 3 | Hotel Balneario Augas Santas, S.L. | 400 | 40.200,00 € | 44.220,00 € | 170 | 1).-Facilitar toallas de balde ás persoas usuarias na modalidade sen estancia. |
| | | 825 | 82.912,50 € | 91.203,75 € | 515 | |

Considerando o establecido no programa de LugoTermal en relación a necesidade de realizar unha selección das usuarias a través dunha convocatoria pública, estímase oportuno redactar para súa posterior aprobación, se procede, unhas bases que articulen o procedemento de acceso en concorrencia non competitiva, ao servizo de carácter temporal ofrecido pola Deputación de Lugo, tendo en conta a Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

As bases que se acompañan con esta proposta, foron informadas favorablemente por Benestar Social e Igualdade da Deputación de Lugo.

Tendo en conta todo o anteriormente exposto, proponse por parte deste Deputado da Área de Promoción Económica e Social á Xunta de Goberno da Deputación de Lugo acordar, se procede:

**1º.-** Aprobar as bases de selección das persoas usuarias do programa "Lugotermal" e proceder a súa convocatoria.




| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 62/66 |

**2º.**-Publicar as bases de selección das persoas usuarias do programa “Lugotermal“ no BOP de Lugo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO NOMEAMENTO A PERSOA SELECCIONADA PARA OCUPAR A PRAZA DE TÉCNICO/A XESTIÓN INCLUÍDA NA OEP 2022 (LEI 20/2021, DE 28 DE DECEMBRO- DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA).**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“As bases xerais que regulan xunto coas bases específicas, os procesos excepcionais que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo na Deputación de Lugo, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022– IC) Taxa adicional de Estabilización de emprego temporal (Disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de Decembro), cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes, sistema de concurso, acceso libre publicáronse no BOP núm. 241, do 21.10.2022.

A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de concurso, unha praza de Técnico/a Xestión, da escala de administración xeral, subescala xestión, grupo A – subgrupo A2, do cadro de persoal funcionario, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022 (taxa adicional de estabilización de emprego temporal á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), fixéronse públicas no BOP núm. 241, do 21.10.2022.

Celebrado o procedemento selectivo, vista a proposta do Tribunal Cualificador e acreditado pola persoa aspirante proposta a documentación á que se refire a base xeral 13, cumprindo os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5, esta presidencia, atendendo á proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 14.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento nomeando como funcionaria de carreira a:

Dona Mercedes Santoalla Navia, para ocupar a praza número I81, denominada Técnico/a Xestión, escala administración xeral, subescala xestión, grupo A – subgrupo




| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 63/66 |

A2, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022 (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), adxudicándolle o posto de traballo denominado Técnico/a Xestión Entrada número 1208, vinculado á citada praza."

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**11.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ABREVIADO 265/2023-P.**

Logo de ver a proposta director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

"Visto o oficio do Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo polo que, entre outras cuestións, se require a esta entidade para que remita o expediente administrativo en relación co Procedemento Abreviado nº 265/2023-P seguido a instancia de D. Juan Carlos González Huerta fronte á Deputación en materia de responsabilidade patrimonial, á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

**1º.-** A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

**2º.-** A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

**3º.-** O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluida a compañía aseguradora, se fora preciso."

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**12.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ABREVIADO 286/2023-P.**

Logo de ver a proposta director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

"Visto o oficio do Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo polo que, entre outras cuestións, se require a esta entidade para que remita o expediente




| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 64/66 |

administrativo en relación co Procedemento Abreviado nº 286/2023-P seguido a instancia de D. José Manuel Diéguez Vázquez fronte á Deputación "por la desestimaciónpor silencio administrativo del Recurso de Reposición interpuesto por estaparte en fecha 14-03-2023 contra la resolución de la Deputación de Lugo (referencia 000389539749) girando impuesto de vehículos de tracción mecánica del vehículo Dodge matrícula LE-5455-H por importe de 171,28 euros,ejercicio 2.022", á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

**1º.-** A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

**2º.-** A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

**3º.-** O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento."

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**13.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO DSP 672/2023.**

Logo de ver a proposta director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

"Visto a Cédula de Citación do Xulgado do Social nº2 de Lugo en relación co procedemento: despido/ ceses en xeral 672/2023 seguido a instancia de D. José Bao López fronte á Deputación en materia de despedimento, na que se cita a esta entidade para comparecer ao acto do xuízo fixado para o vindeiro 7 de marzo de 2024 ás 9.50 h.

Visto o anterior, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

A comparecencia desta entidade no procedemento anteriormente referenciado a través dos letrados da Asesoría Xurídica provincial."

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 65/66 |

**14.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO DSP 686/2023.**

Logo de ver a proposta director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

"Visto a Cédula de Citación do Xulgado do Social nº1 de Lugo en relación co procedemento: despido/ ceses en xeral 686/2023 seguido a instancia de D. Baldomero José Fernández García fronte á Deputación en materia de despedimento, na que se cita a esta entidade para comparecer ao acto do xuízo fixado para o vindeiro 20 de marzo de 2024 ás 12.00 h.

Visto o anterior, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

A comparecencia desta entidade no procedemento anteriormente referenciado a través dos letrados da Asesoría Xurídica provincial."

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**15.-COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

Non se presentan.

**16.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan polos señores/as Deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

**O PRESIDENTE,**

**O SECRETARIO,**




| | IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Fecha y Hora | 17/01/2024 20:03:39 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W6CBZL5HLJRJ7XRHGAADWIE | Página | 66/66 |